



O PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO MOSTRA EN FOTOGRAFÍAS A SÚA VISIÓN DA VOLTA Á NORMALIDADE ASISTENCIAL

- *O xurado entregou os premios do VII concurso de fotografía que recaeron na técnico de imaxe diagnóstica M^a Carmen Pérez Graíño, na TCAE Carmen Pellitero e no internista Pablo Lamas*
- *Formaron parte do xurado o fotógrafo Alfonso Lubián e os tres responsables de fotografía dos periódicos locais, Faro de Vigo, Voz de Galicia e Atlántico Diario*
- *Enlace ao vídeo: <https://youtu.be/z1SZL9M7jpQ>*

Vigo, 29 de xuño de 2022. A directora asistencial da Área Sanitaria de Vigo, Susana Cerqueiro, presidiu onte a entrega de Premios do VII Concurso de Fotografía do Persoal da Área de Vigo aos gañadores deste certame, que este ano tiña como temática "Volvendo á normalidade asistencial".



O primeiro premio foi para M^a Carmen Pérez Graíño, Técnico de Imaxe diagnóstica, pola súa fotografía "Volvendo a sentir"; o segundo, recaeu na TCAE do Meixoeiro, M^a Carmen Pellitero, por "Tempo de apertas"; e o terceiro en Pablo Lamas, facultativo de medicina interna, que participou coa fotografía "Volvemos, sin olvidar a los que ya no volverán".



Este concurso, enmarcado no conxunto de actividades conmemorativas do VII Aniversario do Hospital, tivo un xurado composto por profesionais cualificados, como Alfonso Lubián e os tres responsables de fotografía dos periódicos locais: Ricardo Grobas do Faro de Vigo; Mercedes Moralejo da Voz de Galicia; e Jorge Landín do Atlántico Diario.

Ademais dos tres premios o xurado realizou unha selección de fotografías para a realización dun vídeo así como as finalistas para ser expostas no hospital. Despois da entrega de premios, inaugurouse a Exposición das seleccionadas na área de consultas externas.